



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Aprobación inicial da modificación da base de execución cuadraxésimo sexta do orzamento, reguladora das subvencións nominativas

O Pleno municipal, en sesión ordinaria do día 29 de maio de 2025, acordou aprobar inicialmente a modificación da base de execución cuadraxésimo sexta (46ª) das de execución do orzamento 2024 prorrogado para o 2025, reguladora das subvencións nominativas, coa finalidade de engadir un apartado BIS.

Por medio do presente exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que os interesados que estean lexitimados segundo o disposto no artigo 170.1 do Real decreto legislativo 2/2004, poidan examinalo na Intervención municipal e presentar ante o Pleno municipal, as reclamacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 165, en relación co 169, do Real decreto-lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

De non presentarse reclamacións contra o expediente, considerarase que queda definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo posterior.

A aprobación definitiva do acordo, no referido ás subvencións das ANPAS, aos efectos de garantir a existencia de crédito, queda condicionada á aprobación definitiva do expediente de transferencia de crédito número 2/2025 por importe de 89.000,00 euros.

Cambre, 11 de xuño de 2025

O concelleiro delegado da área de Economía, Facenda,

Contratación, Réxime interior e Desenvolvemento económico

P.D. (R.A. núm. 396/2025, do 30 de abril)

Ruben Vázquez Pérez

2025/3877